

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE OUTUBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 19 de outubro de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 22 de outubro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de 8 de outubro de 2021, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Resolución de 15 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxístico e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, e se establece a

súa convocatoria para o ano 2021. Figura como entidade beneficiaria o Concello de Cambre coa descrición da actuación "Intervencións no Camiño Inglés" cun importe da subvención de 15.000,00 euros. (Diario Oficial de Galicia número 201, do 19 de outubro de 2021).

- Resolución de 14 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Traballo, Ministerio de Traballo e Economía Social, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2022. (Boletín Oficial do Estado número 252, do 21 de outubro de 2021).

- Resolución de 21 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 21 de outubro de 2021, polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da pandemia do coronavirus COVID- 19. (Diario Oficial de Galicia número 203-Bis, do 21 de outubro de 2021).

- Orde de 22 de outubro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde de 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostelería segura da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 204-Bis, do 22 de outubro de 2021).

- Orde de 21 de outubro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga e se modifica a Orde de 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de ocio nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 204-Bis, do 22 de outubro de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a "Mellora da accesibilidade no contorno da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre" (supervisado), obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña. Expediente : 2021/C003/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Pleno da Deputación Provincial da Coruña , con data do 27 de novembro de 2020, aprobou as Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan unico de Concellos) POS + 2021, que fóron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, e cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do mesmo órgano provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

O Pleno do Concello de Cambre na súa sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2021" da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados, incluíndo dentro dos investimentos financeiramente sostibles incluídos na Achega Provincial 2020 a obra de "Mellora da accesibilidade no contorno da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre".

O financiamento do investimento é o seguinte :



- Deputación : 20.043,70
- Concello : 37.267,19

Total : 57.310,89 euros

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 13 de xaneiro de 2021 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a actuación prevista atópase no ámbito de afección da estrada AC-213, polo que deberá obterse autorización previa da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia. Dita autorización foi remitida ao Concello de Cambre polo Servizo provincial da AXI na Coruña , exp. nº IF204A/AC/2021/0031, e aceptada a notificación con data do 11 de marzo de 2021.

Con data 14 de abril de 2021 recibíuse requirimento da Deputación Provincial da Coruña para emendar o proxecto presentado, no que se indican que deben ser corrixidas diversas incidencias, elaborándose un novo proxecto supervisado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanoë con data do 27 de abril de 2021.

O proxecto correspondente á obra da "*Mellora da accesibilidade na contorna da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre*" – *Supervisado*, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento base de licitación de 57.310,89 euros (IVE incluído), incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 29 de abril de 2021, e ratificado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 27 de maio de 2021.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, aprobou o antedito Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan unico de Concellos) POS + 2021, notificando ao Concello de Cambre a aprobación definitiva con data do 22 de xullo de 2021.

Consta a acta de replanteo do proxecto, asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data 8 de xullo de 2021.

Segundo consta na "*Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"*", de data 2 de xullo de 2021, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación , cuxo texto íntegro foi publicado no BOP e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 12/07/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532.60900, por importe de 57.310,89 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 12 de xullo de 2021, no que se propoñe o criterio de adxudicación, de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021).

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 21 de outubro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da Secretaria e o Interventor municipais con data do 21 de outubro de 2021 , favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende levar a cabo a correcta reordenación da contorna da escola de música Sementeira, así como melloras de accesibilidade e seguridade viaria nas mesmas, conseguindo así unha continuidade nos itinerarios peonís e facelos cómodos, seguros e accesibles a todos os usuarios, cumprindo así coas competencias que o Concello ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade"*), sendo ademáis a pavimentación das vías públicas un servizo obrigatorio en tódolos municipios, de conformidade co establecido no artigo 26.1.a) da LBRL, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000006, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración : oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato: *"Mellora da accesibilidade no contorno da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre"* (supervisado), obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de licitación: 57.310,89 euros IVE incluído
- Valor estimado: 47.364,37 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 4 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Setima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP do 01/12/2020, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021), (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 57.310,89 € por conta da aplicación orzamentaria 1532.60900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro de camiños municipal- xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditas dende o día 15 ao 21 de outubro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1766/2021 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade número 1807/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
------------	---------------	--------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1766/2021	15-10-2021	Conceder a licenza municipal para a reparación das fachadas de pedra do pazo de Pravio, sito no lugar da Calle, parroquia de Pravio. Solicitante: RBF
1767/2021	15-10-2021	Denegar a axuda recibo de auga por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecidos. Solicitante: SBB
1768/2021	15-10-2021	Devolver o aval depositado no exp. 2019/U022/000045
1769/2021	15-10-2021	Reposición legalidade urbanística pola non ter reparado o pavimento da beirrarúa en Isaac Peral, polígono Espiritu Santo (Cecebre) requisito esixido na licenza municipal de canalización concedida por resolución do concelleiro de data 21 de decembro de 2020 . Propiedade: Tde E S.A.U.
1770/2021	15-10-2021	Solicitude número a instancia de OOC
1771/2021	15-10-2021	Aprobación da liquidación do IVE do terceiro trimestre de 2021 e o seu pagamento
1772/2021	15-10-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de outubro de 2021
1773/2021	18-10-2021	Aprobación de facturas
1774/2021	18-10-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 24.138,43 €
1775/2021	18-10-2021	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 1.184,20
1776/2021	18-10-2021	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma interior da vivenda sita en estrada da Estación, Cambre. Titulares: FSC e ESP
1777/2021	18-10-2021	Reposición legalidade urbanística por realización de obras de vertido de augas pluviais á calzada sen licenza ou comunicación previa presentada en finca sita en Sobrecarreira, Sigrás. Propiedade: JFR e RRD
1778/2021	18-10-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de outubro de 2021
1779/2021	18-10-2021	Transferencia de crédito 6/2021. Proxecto Píllara, Prisma, POS
1780/2021	18-10-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RRC
1781/2021	18-10-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LDRJ
1782/2021	18-10-2021	Expediente sancionador a restaurante situado na rúa Igrexa, Cela, por actuación musical no exterior co volume de música moi elevado
1783/2021	18-10-2021	Xeración de crédito 11/2021 Subvención Plan AFD 2021/2022 Xunta de Galicia
1784/2021	18-10-2021	Aprobación da asistencia á entrega de premios do III Premio de Buenas Prácticas Localis pola Biodiversidade, así como autorización de gastos
1785/2021	18-10-2021	Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do terceiro trimestre do ano 2021
1786/2021	19-10-2021	Delegación de funcións da alcaldía dende as 11.00 horas do día 19 de outubro de 2021 ata as 23.59 horas do día 20 de outubro de 2021

		no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
1787/2021	19-10-2021	Devolución aval para garantir as obras de construción vivenda unifamiliar en lugar Espiñeiro
1788/2021	19-10-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras no interior da parcela sita en Peiraio, Bribes consistentes na sinalización con cinta de balizamento de varias zonas da parcela, movementos de terras e acopio de armadura metálica(base de cimentación). Titular: Asociación de Veciños de Peiraio
1789/2021	19-10-2021	Liquidación provisional retencións e ingresos a conta de irpf sobre rendimentos de traballo e actv económicas exercicio 2018
1790/2021	19-10-2021	Aboamento produtividade terceiro trimestre 2021
1791/2021	19-10-2021	Redacción do proxecto básico e de execución para a recuperación do xardín da Casa da Arrigada
1792/2021	19-10-2021	Denegar a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MPM
1793/2021	19-10-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JLR
1794/2021	19-10-2021	Lista provisional e tribunal para a selección de docentes de informática
1795/2021	20-10-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 17.666,00 euros, así como o seu pagamento.
1796/2021	20-10-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados na parcela sita Samosteiro, Cambre consistentes na reparación da vivenda cos números 2 e 3 ; movementos de terras; colocación de tuías ; peche metálico (camiño publico 1c 0158) sen título habilitante, e peche metálico(camiño publico municipal 1C 10155) sen axustar a comunicacion previa número 2021/U026/0000201. Titular: Herdeiros de MDA
1797/2021	20-10-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras de reforma en edificación sita en estrada Espiritu Santo, Cecebre, sen título habilitante. Propiedade: JFPR
1798/2021	20-10-2021	Bases convocatoria lista administrativos
1799/2021	21-10-2021	Aprobación do programa actividades socioculturais 2021/2022
1800/2021	21-10-2021	Tramitación de Decretos - 99500000024013 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1801/2021	21-10-2021	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 21 de outubro de 2021 ata a incorporación no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
1802/2021	21-10-2021	Reposición legalidade urbanística por realización de obras sen comunicación previa ou licenza por obras de carpinterías de madeira, colocación de planchas de policarbonato en ditos ocos e substitución de porta de entrada en edificación sita en Pumar Méndez, Cambre
1803/2021	21-10-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 22 de outubro de 2021
1804/2021	21-10-2021	Cesamento IB como Policía Local



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1805/2021	21-10-2021	Aprobación do padrón do prezo público actividades extraescolares en periodos vacacionais do verán 2021 (1ª quenda)
1806/2021	21-10-2021	Corrección da Resoluc. Núm. 1799/2021 de Aprobación do programa actividades socioculturais de proximidade 2021/2022
1807/2021	21-10-2021	Programa de actividades "Campamento Urbano de Verán 2021" (altas e baixas)

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de desistimento do procedemento de contratación para a execución do "Proxecto Camiños da Arte" dentro do Programa "O Teu Xacobeo". Expediente núm.: 2021/C004/000017
- Proposta de aprobación de Plan de seguridade e saúde e Plan de xestión de residuos da obra 'Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)'
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra "Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo", á empresa Canarga, S.L., no prezo ofertado de 23.394,37€ sen IVE, 28.307,19€, IVE engadido. Expediente núm. 2021/C002/000156
- Proposta de adxudicación do contrato para as "Obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional 'Horta do Cura'. Cambre", á entidade Jardinería Arce, S.L. no prezo ofertado de 20.600,00 € sen IVE, 24.926,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000159

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de desistimento do procedemento de contratación para a execución do "Proxecto 'Camiños da Arte' dentro do Programa 'O Teu Xacobeo'". Expediente núm.: 2021/C004/000017

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 3 de agosto de 2021, aprobouse o expediente de contratación nº 2021/C004/000017, mediante procedemento aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 da LCSP) con multiplicidade de criterios de valoración de apreciación automática, para adxudicar a execución do "Proxecto 'Camiños da Arte' dentro do Programa 'O Teu Xacobeo'", cun valor estimado de 37.190,08 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 45.000,00 euros, IVE incluído.

O obxecto do contrato defínese no PCAP (epígrafe 1 do Anexo I) como : "*Camiño dá arte*" é un proxecto de difusión e promoción do Camiño Inglés, de ámbito artístico, turístico e de patrimonio, ao seu paso polo Concello de Cambre. Procúrase con este proxecto alcanzar unha repercusión o máis ampla posible (local, nacional e mesmo internacional) da cultura, a tradición, as paisaxes, e todo o patrimonio material e inmaterial, potenciando do mesmo xeito o turismo local. Entre os seus obxectivos prioritarios atópanse fomentar o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago, particularmente entre os máis novos e promocionar Cambre como destino turístico e cultural. O proxecto achegará ao público a unha gran variedade de artistas galegos, ao mesmo tempo que ao patrimonio de Cambre. A súa difusión permitirá promocionar distintos recunchos do

Camiño e ao concello de forma xeral, interactuando ademais cos concellos de Culleredo e de Carral nos puntos de confluencia con estes.”

Os anuncios para a licitación deste servizo publicáronse no Perfil de Contratante do Concello de Cambre e Plataforma de Contratación do Sector Público con data do 3 de agosto de 2021.

O prazo de presentación das ofertas rematou o día 18 de agosto de 2021, constando no certificado emitido ao efecto tres ofertas presentadas en prazo.

O prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do servizo, na súa cláusula 8, fai referencia a que o servizo obxecto do contrato se atopa financiado *“en virtud de la Resolución de 19 de noviembre de 2019, de la Agencia de Turismo de Galicia, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones a proyectos de promoción y dinamización del Xacobeo 2021, dentro del programa “O Teu Xacobeo” y se procede a su convocatoria para los años 2020 y 2021 (TU300A) DOG nº 228 de 29 de noviembre de 2019”*

Tendo en conta os prazos establecidos pola subvención, a cláusula 9 do PCAP, baixo a denominación “Prazo de duración”, establece expresamente que a totalidade das actuacións deberán estar finalizadas o 30 de setembro de 2021:

“A duración do contrato está comprendida dende a sinatura de aceptación do acordo de adxudicación ata o 30 de setembro de 2021 en que deberán estar finalizadas a totalidade das actuacións, isto de conformidade co establecido na Cláusula 5 del PPT”.

Así mesmo, o epígrafe 6 do Anexo I (Cadro de Características do Contrato), indica que *“La duración del contrato está prevista para un período de 1 mes, desde la firma de la aceptación del acuerdo de adjudicación, hasta el 30 de septiembre de 2021 en el que deberán estar finalizadas la totalidad de las actuaciones.”*

De igual maneira, citada cláusula 5 do prego de prescricións técnicas establece o prazo máximo para a realización das actuacións:

“A duración do contrato irá comprendida dende a sinatura da aceptación do acordo de adxudicación que lle sexa notificado por parte do adxudicatario ata o 30 de setembro de 2021, data na que deberán estar finalizadas a totalidade das actuacións, de conformidade co establecido na resolución da Axencia de Turismo de Galicia de 4 de xuño de 2020 publicada no DOG nº 112 do 10 de xuño de 2020, por la que se modificaba o período de execución para os proxectos presentados ao amparo do rograma “O teu Xacobeo” (código de procedimento TU300A), que establecía entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021 o periodo para a realización das actividades.

As actividades e os obradoiros concentraranse durante o mes de setembro de 2021, sempre dentro do rango de datas indicada na Resolución de concesión de subvención da Axencia de Turismo de Galicia de 9 de decembro de 2020 (ata o 30 de setembro de 2021”).

Non obstante, a excepcional situación que se está a vivir xerada pola crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 fai que as datas de realización do proxecto se stopen condicionadas polas restriccións á mobilidade e á celebración de reunións grupais que estean en vigor en cada momento, debendo ser tanto as datas como a modalidade de realización das actividades consensuadas entre o Concello de Cambre e a entidade adxudicataria, manténdose en todo caso a súa celebración dentro dos prazos establecidos na resolución de concesión definitiva de subvención

(...)

Para maior concreción, a cláusula 3.3 “Calendario” do prego de prescripcóns técnicas establece:

“As actividades e obradoiros obxecto destas prescripcóns deberán realizarse durante o mes de setembro de 2021.

A xornada de lanzamento do proxecto deberá realizarse nas primeiras semanas do mes de setembro e, a partir da mesma, os obradoiros concentrariáanse nos fines de semana do mes de setembro, coa finalidade de conseguir unha maior repercusión e impacto das actividades do proxecto.

(...)

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 22 de outubro actual, e tendo en conta que a día de hoxe xa rematou o prazo establecido para a execución do contrato tanto no prego de cláusulas administrativas particulares como no Prego de Prescripcóns Técnicas reguladoras do presente expediente contractual, (30 de setembro de 2021), sen que se tivese adjudicado o contrato nin levado a cabo a prestación que constitúe o seu obxecto, por mor das circunstancias anteriormente sinaladas.

Tendo en conta que debido ás circunstancias anteriores, o cumprimento do contrato devén imposible,

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 152 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, desistir do procedemento aberto simplificado abreviado con multiplicidade de criterios de valoración de apreciación automática, incoado para adjudicar a execución do “Proxecto ‘Camiños da Arte’ dentro do Programa ‘O Teu Xacobeo’, (exp. 2021/C004/000017), por infracción das normas reguladoras do procedemento de adjudicación, xa que non resulta posible executar o obxecto do contrato no prazo establecido para o efecto tanto no prego de cláusulas administrativas particulares como no prego de prescripcóns técnicas, e para o cal se determinaba a data límite do 30 de setembro de 2021, o cal leva consigo que o contrato resulte inválido ao abeiro do establecido no artigo 38.a) da Lei 9/2017 de contratos do sector público en relación co artigo 1261 do Código Civil.

Segundo: Publicar o resultado do anterior acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, á que se atopa adherido o Perfil de Contratante do Concello de Cambre.

Terceiro : Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde e Plan de xestión de residuos correspondentes á obra “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)”. Expediente: 2021/C002/000126

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2021/C002/000126 para a contratación como contrato menor da obra “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)”.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 28 de setembro de 2021 polo que se adjudicou a obra á empresa “Construcciones Canosa, S.L.”

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.”, adjudicataria do “Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre 2021-2022” (exp. 2020/C004/000021), segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 6 de xullo de 2021.

Visto o Plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria da obra e presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, técnico designado por “Gallega de Coordinacións, S.L.”, ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 15 de outubro de 2021 e número 202199900005313.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adjudicataria da obra o día 19 de outubro de 2021 con número de rexistro de entrada no Concello de Cambre 202199900005406.

Vistos os informes favorables emitidos con data 21 de outubro de 2021 polo arquitecto municipal, responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Construcciones Canosa, S.L.”, para a execución da obra denominada “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)”. Expte 2021/C002/000126.

Segundo: Aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa “Construcciones Canosa, S.L.”, para a execución da obra denominada “Proxecto básico e de execución de pavimentación de beirarrúas en rúa río Mero, río Miño e acceso praza Amador y Daniel, A Barcala (fase 2)”. Expte 2021/C002/000126.

Terceiro: Notificar este acordo á empresa “Construcciones Canosa, S.L.” e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, designado pola entidade Gallega de Coordinacións, S.L. como coordinador da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra “Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo”, á empresa Canarga, S.L., no prezo ofertado de 23.394,37€ sen IVE, 28.307,19€, IVE engadido. Expediente núm. 2021/C002/000156

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 26/08/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o documento denominado “Memoria Técnica de Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo”, cun importe de licitación de 23.518,34 euros sen IVE, 28.457,19 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

Con data 26/08/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, correspondente á obra “Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo”, no que se xustifica a necesidade da contratación en que o Concello de Cambre pretende realizar a urbanización dunha superficie de 261,20 m², resultante de aplicar un retranqueo de 6 metros do viario existente dos que corresponden 72,60 m² á parcela catastral 4019113NH5941N0000LF (Susana

Santiso Calvo), 80 m² á parcela catastral 4019111NH5941N0001WG (Ana Santiso Lamas) e 108,60 m³ 4019103NH5941N0001EG (José Antonio Santiso Ferreiro).

Trátase dunha distancia lonxitudinal paralela ao viario de urbanización de 69,40 metros medidos desde o eixo da cesión a executar.

Na actualidade, Don José Antonio Santiso Ferreiro e Doa Ana Santiso Lamas, teñen cada un edificadas unhas vivendas nas súas parcelas, as cales, por data de execución, non tiñan que facer os correspondentes traballos de urbanización exterior nin cesións a viarias, así mesmo, as leiras non dispoñen de peche na súa fronte, que queren executar agora, polo que se tramitaron os expedientes de cesión dos frontes das parcelas de referencia.

Doutra banda, Dona Susana Santiso Ferreiro pretende edificar na súa parcela, motivo polo cal ten que realizar a correspondente cesión e urbanización da mesma.

Conforme a isto, decidiron realizar conxuntamente a urbanización exterior, a modo de facilidade e mellora técnica das obras, a derradeira será promovida tamén polo concello con cargo ao aval da obra urbanizadora.

Sinalase no informe-proposta de necesidade que se trata dunha necesidade actuación non planificada de necesidade urxente para adaptación deste tramo á normativa de accesibilidade, aproveitando a existencia dos fondos a cargo do remanente municipal, fondos cos que non se contaba ata a data e, debido a que o gasto ten que quedar esgotado antes de final de ano, urxe a súa tramitación por este procedemento de contrato menor, e inhabilita a posibilidade de utilizar calquera outro proceso de contratación.

Ademais, trátase dunha obra de escasa envergadura que urxe a súa execución polo perigo que supón a situación actual para vos veciños ao ter que transitar pola estrada sen beirarrúas en ningunha das marxes, non existindo a posibilidade de moverse a persoas con mobilidade reducida.

Con data 27/08/2021, emítese o documento urbanístico de viabilidade, asinado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se dispón:

“La propuesta trata de urbanizar una superficie de 261,20 m², resultante de aplicar el obligatorio retranqueo de 6 metros desde el eje del vial existente, correspondiendo 72,60 m² a la parcela catastral 4019113NH5941N0000LF, 80 m² a la parcela catastral 4019111NH5941N0001WG, y 108,60 m³ a la parcela catastral 4019103NH5941N0001EG.

Se trata de una distancia longitudinal paralela al vial de urbanización de 69,40 metros medidos desde el eje de la cesión a ejecutar; inferiormente se realizarán las correspondientes redes de servicios.

Dos de las parcelas están edificadas, y por la fecha de su ejecución no tuvieron que realizar los trabajos correspondientes de urbanización, pero actualmente, al solicitar licencia para la realización de sus cierres, deben efectuar la cesión del suelo exterior a su alineación, pero no así la urbanización. En la otra parcela se pretende su edificación, motivo por lo cual debe efectuar la cesión y la urbanización de este espacio; siendo esta parte realizada también por el Ayuntamiento con cargo al aval presentado por su propietario, precisamente para garantizar dichas obras.

La actuación se llevara a cabo en un vial público codificado en el Inventario de Caminos Municipales con el número 1C.1.0287:

El suelo por donde discurre está calificado en las Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal (BOP 222 de 27 de setembro de 1994) como Suelo Urbano Residencial de Núcleo Rural.

La Memoria Técnica cumple con las determinaciones de la normativa de aplicación señaladas anteriormente.

En base o lo expuesto, dado que los trabajos se realizaran sobre suelo de titularidad municipal, por lo que no es preciso para su desarrollo la autorización de ninguna otra administración, y, desde el punto de vista urbanístico, se considera viable.

Con data 04/10/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1532.61900 .

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 24/09/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- JARDINERIA ARCE, S.L.
- CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L.
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
- CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, S.L.
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
JARDINERIA ARCE, S.L.	23.518,34€	28.457,19€
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	23.518,34€	28.457,19€
CONSTRUCCIONES PAN Y DIAZ, S.L.	23.518,34€	28.457,19€
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	23.518,34€	28.457,19€
CANARGA CONSTRUCCIONES S.L.	23.394,37 €	28.307,19€

Formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de “Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo”, á empresa Canarga S.L., con NIF B1536****, e domicilio en Rúa Gambrinus, 99 - Pol. Ind. A Grela, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 23.394,37€ sen IVE, 28.307,19€, IVE engadido.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Asi mesmo, constan no expediente as resolucións nºs 1936/2020 e 1316/2021 de aceptación polo Concello das cesións efectuadas polos particulares

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 08 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 410/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de outubro de 2021.

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 08/10/2021, de aclaración da no coincidencia entre as superficies de terreos cesados e de actuación.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de "Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da *Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local*, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a "Memoria Técnica de Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo", elaborada con data do 26/08/2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun importe de licitación de 23.518,34 euros sen IVE, 28.457,19 euros IVE incluído e un prazo de execución de 2 meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 (Outras inversións reposicións infraestructuras pavimentación vías).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000156, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Urbanización exterior de cesións municipais en Meixigo", á empresa Canarga S.L., con NIF B1536****, e domicilio en Rúa Gambrinus, 99 - Pol. Ind. A Grela, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 23.394,37€ sen IVE, 28.307,19€, IVE engadido, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanöe, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Setimo: A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa "Gallega de Coordinacións S.L.", como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Oitavo: Notifíquese á responsable do contrato, dona Elena Bartolomé Delanöe, á empresa Gallega de Coordinacións S.L., coordinadora de seguridade, á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal e máis ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adxudicación do contrato para as “Obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional ‘Horta do Cura’. Cambre”, á entidade Jardinería Arce, S.L. no prezo ofertado de 20.600,00 € sen IVE, 24.926,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000159

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de outubro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 31 de agosto de 2021 elabórase polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o “Proxecto básico e de execución de adecuación funcional de ‘Horta do Cura’. Cambre.”, cun orzamento de 20.661,16 € sen IVE, 25.000,00 € IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

Con data 2 de setembro de 2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, polo concelleiro-delegado de Urbanismo e Obras e pola concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se incorpora o “Informe Técnico” asinado polo citado funcionario con data do 01/09/2021 e que contén as prescricións técnicas, así como o informe do arquitecto municipal no que se propoñen as empresas a invitar a participar na licitación.

Motívase a presente contratación na necesidade de completar a adecuación funcional do entorno do Parque da Igrexa de Santa María -en concreto a consolidación do acceso peonil entre a área do graderío e a Estrada da Estación, a instalación de alumeado de baixo impacto pero suficiente para a utilización do parque pola noite e pequenas operacións de mantemento do muro perimetral existente- co fin de por a disposición da cidadanía a maior cantidade de espazos públicos de forma axeitada para o seu disfrute, permitindo un uso compatible coa distancia social determinada pola pandemia da COVID-19.

Con data 2/09/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal, de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 171 61900, (código de proxecto 2021 4 171 1 1 Acondicionamento de parque da Igrexa), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 7/10/2021 emítese informe asinado polo arquitecto municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- CANARGA, S.L.
- MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO SL
- JARDINERÍA ARCE, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO		
	Oferta	Baja	%
CANARGA SL	25.000,00 €	0,00	0,00
MURAT CONSTRUCCIÓN Y	24.999,81 €	0,19	0,00
JARDINERÍA ARCE SL	24.926,00	74,00	0,30

formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ás “Obras incluídas no proxecto básico e de execución de adecuación funcional “Horta do Cura”. Cambre.”, á empresa “Jardinería Arce, S.L.” no prezo ofertado de 24.926,00 € IVE incluído, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 20 de outubro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 411/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de outubro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de “...medio ambiente urbano: en particular parques e xardíns públicos...”, contempladas no artigo 25.2.b) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o “Proxecto básico e de execución de adecuación funcional de ‘Horta do Cura’. Cambre.”, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data 31/08/2021, cun orzamento de 20.661,16 € sen IVE, 25.000,00 € IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de 25.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 171 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000159, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do

sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor para a execución das obras do “Proxecto básico e de execución de adecuación funcional de ‘Horta do Cura’. Cambre.” á empresa “Jardinería Arce, S.L.” con NIF B155****, domicilio en rúa Manuel Murguía, 4-6 entresollado – 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 20.600,00 € sen IVE, 24.926,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento para a selección da oferta máis vantaxosa (factor prezo).

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra correspóndelle á empresa “Gallega de Coordinacións S.L.”, como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Sétimo: Notifíquese á directora de obra e responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, así como á entidade adxudicataria da coordinación de seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López